

DISTRIBUCIÓN DOS FONDOS FICCIÓN/COÑECEMENTO NAS BIBLIOTECAS E AXENCIAS DE LECTURA CON SISTEMA DE XESTIÓN BIBLIOTECARIA MEIGA

Os datos sobre a distribución dos fondos en obras de coñecemento e de ficción que aparecen no documento que achegamos para a cobertura da estatística, obtivéronse a partir dos datos consignados por cada biblioteca ou axencia de lectura no campo CDU dos seus rexistros bibliográficos. A súa fiabilidade está suxeita, por tanto, á correcta asignación deste sistema de clasificación por parte de cada centro.

Se vostede considera que estes datos non se axustan á realidade do seu fondo, debe realizar un cálculo fiable pola súa conta. En caso de que non leve a cabo unha contabilización por outros medios e non teña ningún xeito de obter esta información, pode realizar o seguinte cálculo:

Fondo de adultos: 1 metro lineal de andel = 33 libros

Fondo infantil: 1 metro lineal de andel = 60 libros

Por exemplo, se a biblioteca ou axencia de lectura dispón de:

- 100 metros lineais de andel para a colección de adultos, dos que 70 están dedicados a ficción e 30 a coñecemento.
- 40 metros lineais de andel para a colección infantil, dos que 30 están dedicados a ficción e 10 a coñecemento.

Entón:

- Adultos: 70 x 33 = 2310 libros de ficción
 30 x 33 = 990 libros de coñecemento
- Infantil: 30 x 60 = 1800 libros de ficción
 10 x 60 = 600 libros de coñecemento

TOTAL OBRAS DE FICCIÓN: 2310 (adultos) + 1800 (infantil) = 4110 obras de ficción

TOTAL OBRAS DE COÑECEMENTO: 990 (adultos) + 600 (infantil) = 1590 obras de coñecemento